

Abracadabra Nº 40

NA REDE


PASATEMPOS: CHISTES, SOPA DE LETRAS...

GALERÍA DE FOTOS

RECEITA

QUE HAI DE NOVO ...?





NA REDE

Ola!!! Que tal de verán? Si ... eu opino o mesmo... unha pena que se acabe... Pero, que é o que realmente vos dá pena? que se acabe o verán ou que se acaben as vacacións?

A que vén esta pregunta? Pois veredes... dinme conta de que, por exemplo, e sen ir máis lonxe, ao meu irmán dálle igual o tempo que faga, non lle inflúe en nada, e é que case non saíu da casa en todo o verán. Que se buscar información na internet disto ou daquilo, que se xogos **en liña**, chamadas por **skype, whatsapp, facebook, youtube, foros, blogues...** en fin que ata para mercar unas lentes de sol (que francamente para quedar na casa non sei para que as quere...) fíxoo a través de **internet**. E as escasas veces que saíu estivo pegado ao **móbil**... Como o oídes... entre **whatsapp** e **selfies** para subir a **instagram** é coma se non tivese irmán.

Eu mentres, gastei as miñas horas en ir á praia para nadar, xogar ás pas, ao fútbol, tomar o sol, facer castelos, enterrar aos meus amigos na area ou salpicalos con pistolas e caldeiros de auga, andar en bicicleta, xogar ao 21, xogar ao un, devorar xeados, facer rutas de sendeirismo, ver unha choiva de estrelas, etc, etc, etc. Todo o que perdeu o pobre!!!

Nunha ocasión estiven a piques de dicirlle que como non saíse de casa ía quedar completamente **desconectado** dos seus amigos, pero decateime de que en realidade tampouco vin a ningún deles... e que ademais escollera a palabra menos adecuada, porque **desconectado**, era precisamente todo o contrario a como estaba. Efectivamente, o meu irmán pasou o verán **conectado á rede** (xogos **en liña**, procuras na **internet, redes sociais...**). Por fin, na miña cabeza, toma sentido esa palabra. Xa sei por que lle puxeron ese nome. Unha vez que caes nela... non podes escapar...

É verdade que che ofrece múltiples posibilidades. Nela podes atopar incontables formas de lecer e practicamente calquera tipo de información. Tanta, que non vos daría a vida para visualizala toda. Por iso, hai que estar moi atentos cando buscas algo, para non perderse en todas as cousas interesantes e divertidas que podes ir atopando no proceso. Aínda que, por outra banda, se son tan interesantes e divertidas, por que non aproveitalas? Quero dicir, por que penso que estaría mellor na praia cos meus amigos ou lendo un libro que salvando á humanidade nunha partida en **liña** ou mergullando polo torrente de información que me proporciona a **rede**? Seica o meu irmán é parvo por perderse todas as cousas que eu fixen no verán, ou é que non ve a **realidade** coma min? Ou talvez, coñecedor dela, prefire vivir a súa vida nunha contorna **virtual**? Isto lémbreme a película Matrix... preferiríades vivir en Matrix ou na vida real? É algo que me pregunto en ocasións e aínda non sei o que decidiría...

O que si penso, é que se todos preferísemos vivir unha vida **virtual** ou simplemente absorber todo o que se pode descubrir na **rede**, o mundo non avanzaría. Non habería novos descubrimentos nin avances porque o máximo que poderíamos saber é o que xa se coñece. Así que, por suposto que estou a favor de utilizar todos estes medios, que, sen dúbida, parécenme sumamente valiosos, pero na súa xusta medida. Creo que hai que ter claro en cada momento, para que se van utilizar, porque se non, é probable quedar atrapado e o que non quero é perder a maior e mellor fonte de descubrimentos, información e diversión que, ao meu modo de ver, poida existir: a vida.

O meu irmán está prisioneiro na **rede**, e penso que nin el nin os meus pais se dan conta. Pero, non son os únicos. Se mirades ao voso arredor veredes que o mundo está cheo de prisioneiros desta maxestosa, fascinante e invisible **rede**.

Así que, moito coidado!!!... vós podedes ser os próximos...

PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS

E agora, unha de redes sociais.
Cantas coñeces?

Nós puxemos unicamente 7. Es capaz de atopalas?

T L I B Ñ E U P D
S F A C E B O O K
E I T R B U S X P
R P A E L T I A W
E K H T O U M R O
T D C T F O A E B
N U P I W Y J Ñ I
I G A W L E Q A Y
P U N T U F E L O
I N S T A G R A M

CHISTES

Aquí tedes os chistes que estabades esperando para rir a esgalla:

- ¿Por qué a los elefantes no les gusta andar con el ordenador?
- Porque le tienen miedo al ratón

Mi hermano en WhatsApp:

(Escribiendo...)
(Escribiendo...)
(Escribiendo...)
(Escribiendo...)
(Escribiendo...)
(Escribiendo...)
(Escribiendo...)
-Hola

- Un amigo le dice a otro:
- No sé qué le pasa a mi facebook.
Me pone: "su contraseña es incorrecta".
Pero cuando escribo "incorrecta" vuelve a poner lo mismo..

Solucións

Sabedes que é o **PENSAMENTO LATERAL**?

Non importa, non é preciso saber a súa definición para poder utilizalo.

Así que ahí vai unha adiviña de pensamento lateral.

A ver quen é o primeiro en dar a solución:

- O barbeiro da miña vila prefire cortar o pelo a dez gordos que a un fraco.
Sabedes por que?

Solución

Porque con dez clientes gaña máis cartos que con un

M A R G V L S N I
F T N P
L W A I
Y I P N
O T C T
U T H E K
T E A R
U R T E
S F A C E B O O K
T E

GALERÍA DE FOTOS



RECEITA

BURGUER PIZZA

Fácil - 4 persoas - 15 minutos + 15 minutos de cocción

As hamburguesas e as pizzas son dous dos pratos que máis gustan a todos os nenos e nenas de todo o mundo.

Por iso propoñémosvos unha receita boísima para ocasións especiais, na que se pode tomar á vez hamburguesa e pizza... A BURGUER PIZZA

Non vos esquezades de seguir unha dieta sa e equilibrada.

NECESITAS

- . 1 placa de forno
- . 1 Moldes redondos de 10 cm
- . 1 Tixola
- . 1 Forno
- . 4 cebolas picadas

INGREDIENTES

- . 300 gr de masa de pizza estirada
- . 8 rebanadas de queixo tipo mozzarella
- . 100 gr de mollo de tomate
- . Ourego
- . 4 unidades de carne de hamburguesa
- . 8 follas de leituga lavadas
- . 75 gr de beicon en tiras



1- Fai uns oito discos de masa de pizza cos moldes.

2- Unta os discos con tomate e ponlles por riba o ourego e as rebanadas de queixo de mozzarella

3- Engade o beicon e mete as pizzas no forno a 180° durante 15 minutos.

4 - Fai nunha prancha ou tixola a carne de hamburguesa.

5- Para a montaxe do prato, coloca unha pizza, a carne de hamburguesa, dúas follas de leituga e outra pizza invertida, imitando a forma dunha hamburguesa.

**A esta receita, se
vos gusta, tamén se lle
pode engadir tomate
natural e cebola**

QUE HAI DE NOVO...?

* Comezamos coas **ACTIVIDADES** dos sábados pola mañá, cun taller de "**Robótica e programación**" para nen@s de 9 a 14 anos e de "**Lego Wedo**" para nen@s de 7 e 8 anos. Consulta o programa.

* No vestíbulo da biblioteca realizaremos Talleres abertos para todas as idades para celebrar o 24 de outubro o "**Día da Biblioteca**" e o 31 de outubro o "**Samain**".

* En vacacións de Nadal organizamos, como todos os anos, os "**Talleres de pintura**", impartidos por Luisa Valdés. Infórmate na biblioteca.

* Lembrade que podedes facer as vosas reservas e renovacións dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.


* Comezamos co **BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir as 15 casas que che propoñemos e se o finalizas poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e ademais terás preferencia á hora de anotarte ás actividades. Anímate!

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna



Deseño: MaizCreativos

Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

Sección Infantil e Xuvenil

R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008